

Segundo.—O Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, incorpórase ao dereito interno a Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo, pola que pretende reducir as repercusións dos vehículos sobre o medio ambiente, establecendo normas para a súa correcta xestión ambiental ao final da vida útil dos vehículos, dispoñendo que só terán a condición de residuos a partires do momento en que sexan entregados a un centro autorizado de tratamento que proceda a súa descontaminación e expida o certificado de destrución.

Terceiro.—A Orden INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil, vén a regular o procedemento, forma e prazos para a baixa definitiva dos vehículos.

Cuarto.—É atribución da Alcaldía a resolución da entrega dos vehículos previsiblemente abandonados e considerados residuos sólidos urbanos segundo a lexislación vixente, polo que ao amparo do sinalado no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, artigo 4 do Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ó final da súa vida útil e Orden INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ó final da súa vida útil.

Atendendo o exposto, esta Alcaldía,

DECRETA:

Primeiro.—Declarar residuo sólido urbano o vehículo matrícula PO-4022-AS, marca Volkswagen, modelo Golf, do que resulta propietario D. Antonio Olivero Ruíz González.

Segundo.—Dispor a entrega do vehículo, carente de documentación e con ficha da Dirección Xeral de Tráfico, á empresa “Automociones Catoira, S.L. RTP-G 30-2003”, centro homologado para a súa recepción e o seu tratamento como residuo sólido urbano.

Terceiro.—A empresa “Automociones Catoira, S.L. RTP-G 30-2003”, receptora dos vehículos entregados, expedirá un documento xustificativo da súa recepción e emitirá os correspondentes certificados de descontaminación e destrución, sempre que a normativa o esixa, que remitirá ao Concello para a tramitación da correspondente baixa ante a Xefatura Provincial de Tráfico.

Cuarto.—Comuníquese esta resolución a tódolos interesados no procedemento, co ofrecemento dos recursos pertinentes.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

RECURSOS PROCEDENTES

Contra a presente resolución, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido nos artigos 107-1 e 116-1 da Lei 30/1992, do Réxime xurídica das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se notifica a primeira, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, consonte é establecido nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición éste deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 117-2 da levandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, enténdéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999 poidendo entón os interesado interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1 e 4 da Lei 29/1998, Regulamentadora da Xurisdicción Contenciosa Administrativa.

No obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedente consonte a Dereito.

Pontevedra, a 7 de setembro de 2010.—O Secretario da Administración Municipal, P.D. o Xefe do SDUMAPA, José María Campos Durán. **2010009782**

* * *

V I G O

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 28.06.2010 aprobou inicialmente a Ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello e na Área de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas, que foi sometida a información pública por un prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia nº 135 de 16 de xullo de 2010. En data 06.09.2010 O Pleno do Concello aproba definitivamente a citada Ordenanza. Contra esta aprobación definitiva, que pon fin a vía administrativa, poderá

presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.

A Ordenanza de referencia ten o seguinte teor literal:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DE CENTRO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO E ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no Casco Vello de Vigo e no Barrio Histórico de Bouzas.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación dos barrios históricos, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen a complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións da Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivenda do Concello de Vigo desenvolvendo os Plans Vivenda 1998-2001, 2002-2005, 2005-2008.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación de Centro Histórico do Casco Vello de Vigo e Área de rehabilitación Integral do Barrio Histórico de Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación, mellora da habitabilidade ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de mobilidade reducida, accesibilidade e a atención aos supostos de insolvencia económica.

IV. Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuír á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

V. Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto no RD 2066/2008 de 12 de decembro

(BOE n.º 309 de 24 de decembro) para o período 2009-2012, e o D 402/2009 de 22 de outubro (DOG n.º 217 de 5 de novembro) e Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda (BOE n.º 174 de 20 de xullo).

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

1. Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo e Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, dentro do marco establecido polo RD 2066/2008 de 12 de decembro, polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e Convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia para aplicación do Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, publicado en data 20 de xullo no BOE n.º 174, segundo a Resolución do 3 de xullo da Subsecretaría do Ministerio

2. Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo no marco do Plan de vivenda.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerense polas seguintes normas:

1. Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións. R.D. 887/2006 de 21/07/06 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e normas concordantes.
2. Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia
3. Pola presentes normas.
4. Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
5. Pola Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia
6. Polas bases de execución dos orzamentos do Concello.

ARTIGO 3. CARÁCTER DAS AXUDAS

As axudas previstas nestas Normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

ARTIGO 4. ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial desta ordenanza é:

- a) Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo, declarada pola Consellería de Cultura e Deporte o 22.08.06 e coincidente coa delimitación do PERI Casco Vello segundo o Anexo I e II do Decreto 136/2006 do 27 de xullo polo que se declara Ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona vella da cidade de Vigo;
- b) Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Barrio Histórico de Bouzas de Vigo, declarada Área de Rehabilitación polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas.
- c) Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaren polo procedemento establecido para o efecto.

ARTIGO 5. TIPOS DE ACTUACIÓN

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

Rehabilitación en edificios con uso residencial

- a) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación doutros servizos de carácter xeral.
- b) Rehabilitación de edificios completos.
- c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse ademais incluídas:
 - A instalación de ascensores.
 - As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
 - A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.

- O acaemento de accesos e circulación para uso de persoas con mobilidade reducida.
- Reforzos estruturais, elementos singulares da edificación

ARTIGO 6. CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS ECONÓMICAS

1. As axudas económicas abeiradas aos convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.

2. As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (Oficina de Rehabilitación).

3. Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados sen recuperación da estrutura orixinal salvo xustificación técnica suficientemente motivada.

**CAPÍTULO SEGUNDO.
FINALIDADE DAS AXUDAS**

ARTIGO 7. CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO

1. Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a ordenanza e previa valoración da Oficina de rehabilitación tendo en conta os supostos de necesidade da obra, a licenza outorgada e valoración do conxunto do edificio.

ARTIGO 8. CONDICIÓNS DOS INMÓBEIS

1. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento e de rede de auga, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

2. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edifi-

cios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

3. Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmóbel por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

4. Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 10 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas con mobilidade reducida ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.

5. Nas actuacións relativas aos edificios e/ou elementos comúns dos mesmos deberán ter presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) si é de obriga telo presentado pola súa antigüidade e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras. As actuacións deberán ter como resultado o informe favorábel da ITE como mínimo (Certificado de finalización de obras indicado no informe de ITE emitido por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional) e aqueles outras actuacións que a xuízo dos técnicos da Oficina deban ser executadas.

ARTIGO 9. BENEFICIARIOS/AS

1. Poderán ser beneficiarias/os das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente ou, trala rehabilitación, o uso sexa destinado a domicilio habitual, por uso propio ou para alugueiro.

2. Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizen as obras, e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

3. As vivendas con axudas á rehabilitación deberán destinarse a domicilio habitual e permanente do seu propietario, ou ao arrendamento polo menos durante 5 anos trala finalización das obras de rehabilitación (art.46 RD2066/2008)

CAPÍTULO TERCEIRO. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

ARTIGO 10. CONTÍAS DAS AXUDAS

1. Estabélcese unha subvención xeral do 70% do orzamento protexíbel para as actuacións de Rehabilitación.

2. Non poderan ser subvencionadas as actuacións para uso propio das unidades familiares que superen 6,5 veces o IPREM. (Art. 47 Rd 2066/2008 e Art. 45 D402/2009).

3. En calquera caso a contía máxima da subvención non poderá exceder de 11.600 euros en Casco Vello e 10.000 euros no Barrio Histórico de Bouzas.

ARTIGO 11. PROGRAMA COMPLEMENTARIO DE ACTUACIÓNS

1. Estabélcese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñíbeis e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

2. Será condición sine qua non para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

3. As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cocinas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitábeis ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por mobilidade reducida. Nos supostos de actuacións nos elementos estruturais ou de instalacións da edificación que supoñan risco poderá ser contemplada a porcentaxe das cotas de participación da solicitude presentada polo suposto de insolvencia.

4. O orzamento protexíbel da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

5. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

6. Requisitos:

Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.

Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Fazenda.

Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.

Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

7. Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- a) Estabéllese unha subvención a fondo perdido do 75% do orzamento protexibel das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ao 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e estea avaliado segundo os criterios anteriormente establecidos.
- b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

ARTIGO 12. ORZAMENTO PROTEXÍBEL

1. Orzamento protexibel será o resultante de aplicar os precios unitarios da Base de datos da Construción de Galicia al orzamento presentado. Excluíranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.

2. Por orzamento presentado entenderase o presuposto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

3. Contía mínima do orzamento protexíbel por actuación: Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel superior a 1.000 euros por vivenda. (art 41 D402/2009) sexa cal sexa a actuación.

4. Contía máxima de orzamento protexíbel: por actuación: .

Contía máxima do orzamento protexíbel por actuación será a aceptada polos técnicos adscritos ao programa e non pode superar os 90m² de superficie útil máxima por vivenda. (art. 48 Rd2066/2008 e art. 41 D402/2009) e aplicarase o Módulo Básico Estatal en vigor (MBE: art. 9 e Art. 70 do RD 2066/2008, Disposición adicional segunda).

- a) Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ao número destas, o orzamento protexíbel calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.
- b) Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente

obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexíbel da devandita actuación.

- c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda -unifamiliares. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela ou pequeno local con actividade comercial.

CAPÍTULO CUARTO. REQUISITOS XERAIS

ARTIGO 13. REQUISITOS XERAIS

Para os efectos de obter as axudas previstas na ordenanza será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1º. As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar. De non ter a licenza de obras no momento da convocatoria das axudas admitirase a presentación da solicitude de licenza na Xerencia, e de selo caso acompañada do proxecto básico, informe negativo da ITE ou. Orde de execución.
- 2º. A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.
- 3º. As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións
- 4º. ITE positiva ou a obtención desta trala intervención de rehabilitación como mínimo.

ARTIGO 14. LÍMITES XERAIS DAS AXUDAS

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel preveña e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios. Isto é:

1. 90m² de superficie útil máxima nas actuacións para uso propio
2. límite do 75% dos orzamentos protexidos
3. non superar 6,5 do IPREM en vigor no conxunto da unidade familiar solicitante para uso propio, sendo este último límite sen efecto para as solicitudes de rehabilitación destinadas a alugueiro.

ARTIGO 15. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida su-

perar, en ningún caso, o 75% do orzamento protexíbel.

CAPÍTULO QUINTO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

ARTIGO 16. NORMAS XERAIS

1. A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.

2. O procedemento realizarase mediante convocatoria aberta a través de resolucións anuais e conforme o establecido no artigo 59 do R.D. 887/2006 de 21/07/06 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

3. A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4. As propostas serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada polo titular da Delegación de competencias, o Concelleiro de Cascos Históricos ou quen o substitua nesa competencia, que a presidirá, o interventor, o secretario, o director dos Servizos Centrais, todos eles da Xerencia de Urbanismo, e o director/a da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator da Comisión. Os titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión.

5. A resolución dos expedientes corresponderá ao órgano que teña a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora.

6. O prazo para acordar a aprobación inicial da axuda será cinco meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

7. Os solicitantes de axudas á rehabilitación de vivendas poden obter ao dereito de solicitar prestamo convenido sen subsidiación (art. 48 , punto 5 do RD 2066/2008).

ARTIGO 17. PROCEDIMENTO

1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de

Vigo e a Xunta de Galicia, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

3. O petionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar o petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

4. Xunto coa solicitude oficial das axudas presentaranse toda a documentación necesaria establecida no artigo 18

5. Realizada a visita de inspección e o informe técnico por parte da oficina de rehabilitación o solicitante poderá:

- a) No caso de obras menores: solicitar da Oficina de Rehabilitación a prestación dos servizos de redacción da documentación precisa para a obtención de licenza
- b) No caso de obras maiores: precisará técnico externo, que redactará o proxecto cara a obtención da licenza de obras e levará a dirección facultativa. Os técnicos da Oficina de rehabilitación facilitarán a documentación dispoñíbel para facilitar a redacción do proxecto.

ARTIGO 18. SOLICITUDE OFICIAL DE AXUDA E DOCUMENTACIÓN

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

1. Documentación relativa ao solicitante.
 - a) Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante formalmente nomeado.
 - b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.
 - c) Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta Ordenanza, salvo

que as vivendas sexan destinadas ao alugueiro.

- d) Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionábeis por esta ordenanza.
- e) A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente Norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo Tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello). Deberase acreditar formalmente que os solicitantes non teñen débedas de carácter tributario coas administracións públicas (Facenda da Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e Tesorería Xeral da Seguridade Social).

2. Documentación acreditativa da titularidade do inmóbel.

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóbel.
- b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga constar as obras e a autorización do propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3. Documentación relativa ao destino da vivenda.

- a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empareamento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.
- b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

4. Documentación relativa as actuacións a realizar:

- a) Licenza das obras para as que se solicita axuda.
- b) Proxecto da obra
- c) Copia da ITE
- d) Orzamentos de execución de obra das empresas, dos técnicos e de ser o caso da dirección de seguridade.

ARTIGO 19. APROBACIÓN INICIAL DAS AXUDAS

1. Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, o órgano que ostente a atribución para autorizar o gasto, tras a proposta da Comisión Avaliadora, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2. Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

ARTIGO 20. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

1. Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2. Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

ARTIGO 21. INICIO DAS OBRAS

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente tras trámite de audiencia ao interesado/a.

2. O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras..

3. Obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

ARTIGO 22. EXECUCIÓN DAS OBRAS

1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demandante o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder da metade do tempo prescrito para o prazo orixinal.

2. A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.

3. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza.

4. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

5. Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das actuacións, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación coa Oficina de rehabilitación.

ARTIGO 23. REMATE DAS OBRAS

1. O solicitante das axudas á rehabilitación deberá comunicar á Oficina de Rehabilitación a data de remate das obras.

2. Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación do final de obra redactado polo técnico competente. Deberá achegar a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redacten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

3. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

4. En actuacións no que sexa preciso o ITE, deberá achegar o ITE favorable ou positiva.

ARTIGO 24. APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS E CRITERIO DE OUTORGAMENTO

1. A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

2. De acordo previo entre as partes o beneficiario das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

ARTIGO 25. PAGAMENTO DAS AXUDAS

As axudas concedidas definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a Xunta –a traves da Consellería competente– emita o documento de cualificación definitiva así como se xustifique o libre de débedas de carácter tributario coas administracións implicadas na subvención (Administración local, Facenda da Xunta, Axencia Tributaria e Seguridade Social).

ARTIGO 26. CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico–construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade e seguridade a respecto do estado previo do inmóbel.
- e) Iniciar as obras sen autorización da Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumplir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou os adcritos ao programa por parte do promotor ou do contratista ou da propiedade.

- h) Non manter colacado o cartel da obra facilitado pola Oficina de Rehabilitación.

ARTIGO 27. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2. Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

3. Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Coeficientes ponderadores –IPREM.

1.—A ponderación dos ingresos familiares realizarase segundo establece o RD2066/2008 de 12 de decembro no seu artigo 4. Para a determinación dos ingresos familiares se partira da base imponible xeral e do aforro correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada membro da unidade familiar relativa o ultimo periodo impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude . A cuantía resultante convertirase en nº de veces el IPREM do conxunto familiar, que deberá ser ponderado mediante a aplicación do coeficiente multiplicador único comprendido entre 0,70 e 1. Para cálculo do IPREM “Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples” do conxunto da unidade familiar, teranse en conta os seguintes coeficientes de aplicación:

Número de membros da unidade familiar	Coefficiente
1	1,00
2	0,90
3	0,80
4	0,75
5 ou mais	0,70

IPREM solicitante=suma das bases imponible e do aforro dos membros da unidade familiar X nº do coeficiente dos membros unidade familiar.

2. En caso de que o solicitante ou algún dos membros da súa unidade familiar teña a condición de discapacitado oficialmente recoñecido, nos termos establecidos pola lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o coeficiente correspondente ao tramo seguinte ao que correspondería pola súa composición familiar.

3.Non poderá solicitar axudas a Rehabilitación para uso propio a unidade familiar que supere 6,5 veces o IPREM en vigor no momento da solicitude.

Segunda. Outros convenios

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

Terceira. Promocións tuteladas

1. O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2. Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.

3.-A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

Cuarta. Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas no barrio histórico.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta Ordenanza derroga expresamente e substitúe a Ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación de centro histórico do Casco Vello de Vigo e do Barrio Histórico de Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 26/11/2007 (BOP núm. 71, do 14/04/2008) sen prexuízo dos efectos das situacións creadas ao amparo do Rd 801/2005 de 1 de xullo e reguladas pola mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo

Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Vigo, a 7 de setembro de 2010.—O Delegado de Urbanismo e Vivenda, José Manuel Mariño Mendoza. **2010009812**

A N U N C I O

Ignacio De Las Cuevas S.A., solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo a licenza de obra e licenza de actividade para almacén e distribución polo xunto de produtos de alimentación, que se situará en Bao (CR) N.º 38 (expedientes 69721/421 e 36433 /422).

De conformidade co artigo 8.º.3. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no DOGA, BOP e exposición no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno.

O prazo de información pública entenderase aberto dende o día seguinte á publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días dende o día seguinte á publicación do derradeiro anuncio. O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na oficina de Arquivo e Control da Xerencia Municipal de Urbanismo (Planta baixa do edificio da Xerencia sito na praza do Rei, 4, Vigo).

Vigo, a 6 de setembro de 2010.—O Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, José Manuel Mariño Mendoza. **2010009811**

A N U N C I O

Broymant Sl , solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo a licenza de obra e licenza de actividade para taller de mecanizado, que se situará en Lameiro (Sardoma) (CR) N.º 42 (expedientes 70605/421 e 36490 /422).

De conformidade co artigo 8.º.3. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un prazo de vinte días mediante anuncio no DOGA, BOP e exposición no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno.

O prazo de información pública entenderase aberto dende o día seguinte á publicación do primeiro anuncio e rematará transcorridos vinte días

dende o día seguinte á publicación do derradeiro anuncio. O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na oficina de Arquivo e Control da Xerencia Municipal de Urbanismo (Planta baixa do edificio da Xerencia sito na praza do Rei, 4, Vigo).

Vigo, a 6 de setembro de 2010.—O Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, José Manuel Mariño Mendoza. **2010009810**

A N U N C I O

Esta Alcaldía con data 30 de agosto de 2010, dictou a seguinte Resolución:

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Carlos López Font, o 30 de agosto de 2010, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.—Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución de 5.07.2007, do concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal.

Segundo.—Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López Font:

Na concelleira D^a Raquel Díaz, da Área de Economía e Facenda, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns e Contratación o día 30 de agosto.

Terceiro.—Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.—A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.—Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterada da mesma.”

Vigo, a 3 de setembro de 2010.—O Alcalde, Abel Caballero Álvarez. **2010009845**

A N U N C I O

Esta Alcaldía con data 4 de agosto de 2010, dictou a seguinte Resolución:

“Con motivo da ausencia da Concelleira D^a. Raquel Díaz Vázquez, dende o 4 ao 20 de agosto de